




GUÍA DE OUTONO 2017- FICCIÓN BIBLIOTECA IES VILALONGA



Hannah é unha adolescente de dezaseis anos enganchada ás redes sociais. Pero un día recibe unha solicitude de amizade de Facebook dun mozo chamado Alex Crowell. Ao aceptala, descobre no muro de Alex que está morto. E logo pasa algo aínda máis arrepicante: recibe unha mensaxe privada do mozo onde el pídelle axuda para pescudar quen o matou. Nunha trepidante investigación, Hannah descobre que hai moitas persoas involucradas na súa morte. Pero contará cunha axuda inesperada, a da pantasma de Alex.



Na obra, unha *troupe* de artistas procedentes de Galicia percorre os camiños dunha Europa inmersa en duras loitas de poder. É un momento de cambio político, cultural e lingüístico. As persecucións relixiosas e as ansias expansionistas coinciden co auxe das cantigas galaico-portuguesas e co declive da lírica provenzal.



Os pacientes do doutor García. Tras a vitoria de Franco, o doutor Guillermo García Medina segue vivindo en Madrid baixo unha identidade falsa. A documentación que o librou do paredón foi un agasallo do seu mellor amigo, Manuel Arroio Benítez, un diplomático republicano ao que salvou a vida en 1937.



A nova novela de Javier Marías. Un día calquera, «un día estúpido», condicionará o resto da súa existencia. A envolvente e apaixonante historia dunha espera. «Durante un tempo non estivo segura de se o seu marido era o seu marido. ..

